

ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA ARTÍSTICA

OURENSE, 15/01/2025

1. TECNIFICACIÓN 2025.

O orzamento aprobado na Asamblea co que se contará para 2025 será de 3.043 €. Dito orzamento está suxeito a presentación e realización do seguinte proxecto de tecnificación, presentado por Marcos Martínez para XAM e Olalla Sás para XAF, e acordado polo Comité autonómico:

Ximnasia Artística Masculina:

Proponse realizar unha ou dúas sesións de adestramento con un adestrador externo especializado e con experiencia para que axude aos clubs a dirixir os adestramentos tanto de iniciación como de alto nivel e lles asesore no planificación de deben levar os ximnastas para a súa mellora.

O adestrador proposto podería ser un técnico do CAR de Madrid ou dun club con resultados de Madrid ou Cataluña. Consultarase a RFEG a posibilidade de que nos propoñan a un técnico para levar a cabo ditas xornadas e en caso de que non sexa posible consultarase con outros clubs das CCAA mencionadas.

As xornadas estarían abertas os ximnastas con proxección tanto de nivel base como Vía Olímpica e levaríanse a cabo nas instalacións do Club Terra Sports durante o primeiro semestre do ano.

Establécese un presuposto de 800€ para ambas sesións.

Ximnasia Artística Feminina:

Proponse manter un proxecto similar ao que se levou a cabo o ano pasado enfocado as novas técnicas de preparación física das ximnastas a cargado dun técnico externo tanto en sesións de traballo cas ximnastas como de formación de adestradores. O adestrador no que se pensa é D. Ignacio Grande con experiencia neste tipo de técnicas.

Organizaríanse as ximnastas en dous grupos, trala solicitude enviada polos clubs ao comité autonómico sempre que cumpran os requisitos:

Grupo A: nenas que estén traballando os niveis de VO4 a VO10 e niveis Base 6/7 a B10 con condicións ximnásticas que permitan observar unha posible progresión para poder a chegar a traballar os 4 requisitos FIG en tódolos aparatos. Número máximo de ximnastas: 16/18.

Grupo B: nenas que estén traballando os niveis de VO1 a VO3 e niveis Base 1 a B5 con condicións

ximnásticas que permitan observar unha posible progresión para poder chegar a traballar os 4 requisitos FIG en tódolos aparatos. Número máximo de ximnastas: 16/18.

Para que o Comité poida avaliar a idoneidade das ximnastas que poden compoñer ambos grupos, solicitarase aos clubs que remitan a Federación o listado de ximnastas propostas para cada grupo indicando nome e apelidos, ano de nacemento e categoría que están traballando no 2025.

As instalacións nas que se desenvolverían as sesións serían nas dos clubs participantes, buscando optimizar os recursos económicos, onde cada club debería aportar a súa instalación alo menos unha vez sempre que o responsable técnico das sesións considere que é a mellor opción co visto bó do club propietario. A proposta é realizar dúas sesións prácticas no primeiro semestre e unha no segundo semestre do ano dirixida as ximnastas e unha sesión teórica dirixida aos adestradores que podería ser online.

As datas propostas das sesións son as seguintes:

- Primeiro semestre: unha sesión en febreiro e unha sesión en marzo, abril ou maio, según dispoñibilidade do técnico.
- Segundo semestre: unha sesión no último trimestre do ano.

Establécese un presuposto de 2.243 € para tódalas sesións.

3. SUXERENCIAS E PREGUNTAS

Acórdase que, excepcionalmente, este ano 2025 dado o cambio na normativa nacional de Base, o comité autonómico poderá valorar o posible descenso de ximnastas de base 9 e base 10 os niveis que soliciten os clubs para as ximnastas que non cumpren os requisitos técnicos. Deberán solicitalo en tempo e forma para o seu estudo polo comité indicando nome e apelidos da ximnasta, nivel no que competiu en 2024, nivel no que solicitan competir no 2025 e esixencias técnicas que non cumpre.

Establécense as seguintes datas posibles das distintas competicións autonómicas da modalidade para que os clubs poidan consultar a dispoñibilidade de instalación no seu concello:

- 1ª Fase Liga Escolar: 01-02 ou 08-09 marzo.
- 2ª Fase Liga Escolar: 05-06 abril, 12-13 abril ou 03-04 maio.
- Campionato Galego e Fase Final Escolar: 31 maio e 01 xuño.